

Facultade de Ciencias

Económicas e

Empresariais

Informes de coordinación

das titulacións

Curso 2023-2024

0. INTRODUCCIÓN.....	3
I. INFORME DE COORDINACIÓN DO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS.....	8
I.1. INFORMACIÓN XERAL	8
I.2. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN.....	8
I.3. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN.....	9
I.4. CONCLUSIÓNS	19
II. INFORME DE COORDINACIÓN DO GRAO EN ECONOMÍA.....	25
II.1. INFORMACIÓN XERAL.....	25
II. 2. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN	25
II.3. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN	26
III.4. CONCLUSIÓNS	35
III. INFORME DE COORDINACIÓN DO MAiE.....	38
III.1. INFORMACIÓN XERAL.....	38
III.2. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN	38
III.3. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN.....	60
IV. INFORME DE COORDINACIÓN DO MASTER EN ECONOMÍA.....	65
IV.1. INFORMACIÓN XERAL	65
IV.2. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN.....	65
IV.4. CONCLUSIÓNS	67
V. INFORME DE COORDINACIÓN DO MASTER EN FINANZAS	69
V.1. INFORMACIÓN XERAL	69
V.2. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN.....	69
V.3. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN.....	69
V.4. CONCLUSIÓNS.....	75
VI. INFORME DE COORDINACIÓN DO MESTRADO EN TÉCNICAS ESTADÍSTICAS..	78
VI.1. INFORMACIÓN XERAL	78
VI.2. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN.....	78
VI.3. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN.....	78
Vi.4. CONCLUSIÓNS.....	84

0. INTRODUCCIÓN

As accións de coordinación son de gran importancia no desenvolvemento das actividades da Facultade e na consecución dos obxectivos de calidade.

Baixo a persoa encargada da calidade da FCEE e EE, a Vicedecana de Calidade, enmárcase a coordinación das distintas titulacións que se imparten na Facultade:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas (GADE).
- Grao en Economía (GECO).
- Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa (MAiE).
- Máster en Economía.
- Máster en Finanzas.
- Máster en Técnicas Estatísticas (MTE).
- Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible (MXDS). Extinguido no presente curso 2023/2024 (acta da CGIC e de Comisión Permanente do 03/05/2024).

Cada titulación é coordinada por unha persoa nomeada en Xunta de Facultade. Na actualidade, ocupan eses cargos:

- Mercedes Vila Alonso: GADE.
- Begoña Álvarez García: GECO.
- Tony Crespo Franco – MAiE.
- Eduardo Giménez Fernández – Máster en Economía.
- Francisco Rodríguez de Prado – Máster en Finanzas (substituído a final de curso por Jorge Eduardo Vila Biglieri, acta da CAM do máster 20/05/2024))
- Leticia Lorenzo Picado – MTE.
- Rocío Rodríguez Daponte – MXDS (ate o 03/05/2024, no que foi extinguido).

Ao longo do curso 2023-2024, realizáronse cinco **reunións da Comisión de Garantía Interna da Calidade**, da que forman parte todos os/as coordinadores/as de titulación, tanto de grao como de mestrado. A continuación, indícanse as datas e orde do día de cada unha delas (as actas aprobadas das sesións atópanse na

correspondente sección dos rexistros do SGIC):

Reunión do 17/11/2023:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/09/2023).
2. Informe da responsable de Calidade.
3. Aprobación, se procede, de Resumo de Accións de Mellora incorporadas no SGIC con base no informe provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación da titulación do Grao en Economía.
4. Ratificación, se procede, da/s Declaración/s de Interese e do/s Formulario/s de Modificacións non Substanciais para a modificación da/s memoria/s de titulación dos Mestrados da, co obxectivo de incorporar o ámbito de coñecemento segundo o listado do Anexo I do RD822/2021.
5. Rogos e preguntas.

Reunión do 19/12/2023:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/11/2023).
2. Informe da responsable de Calidade.
3. Aprobación, se procede, do Plan de Promoción do Centro (R1-DO0202 P1) do curso 2022/2023.
4. Aprobación, se procede, do Informe Final de Avaliación do Plan de Acción Titorial (R2-D00203 P1) do curso 2022/23.
5. Rogos e preguntas.

Reunión do 05/03/2024:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior (19/12/2023).
2. Informe da responsable de calidade.
3. Aprobación, se procede, do Informe de Resultados de Satisfacción propios do centro/titulación (procedemento R1-MC05 P1) do curso 2022/2023.

4. Aprobación, se procede, da documentación correspondente ao procedemento Verificación/chequeo de Información Pública (R1-DO0301 P1) do curso 2022/2023.
5. Aprobación, se procede, do Informe R2-PE01 P1, Identificación das necesidades de formación do PAS do centro do curso 2022/2023.
6. Aprobación, se procede, do Informe R1-PE01 P1, Identificación das necesidades de contratación do PAS do centro do curso 2022/2023.
7. Aprobación, se procede, do Informe R1-IA01, Xestión dos recursos materiais e dos servizos, exercicio 2023.
8. Rogos e preguntas.

Reunión do 04/04/2024:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (05/03/2024).
2. Informe da Vicedecana de Calidade.
3. Aprobación, se procede, do informe de autoavaliación de renovación da acreditación do Mestrado en Economía (aprobado na CAM do 01/04/2024)
4. Aprobación, se procede, do anexo complementario de modificación non substanciais coa Formación Básica vinculada ao ámbito de coñecemento da titulación de Graduado en Administración e Dirección de Empresas.
5. Rogos e preguntas.

Reunión do 03/05/2024:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (04/04/2024).
2. Informe da responsable de Calidade.
3. Aprobación, se procede, de Informe de Revisión pola Dirección, 2022-2023 (R1-DE03 P1).
4. Aprobación, se procede, da Comisión para a Elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro (R1-DE01P1).
5. Aprobación, se procede, da actualización dos procedementos de Calidade seguintes:

- a. DE-02. Seguimento e Medición. Índice 5.
 - b. DO-0101. Deseño, Verificación, Modificación e Acreditación das Titulacións Oficiais. Índice 06.
 - c. DO-0102. Seguimento e melloras das titulacións. Índice 5.
 - a. SGC Formulario de modificacións non substanciais. Anexo I.
 - d. XD-01. Control dos documentos e dos rexistros. Índice 2.
 - a. XD 01 Anexo 1. Modelo Procedementos.
 - e. PE-02. Xestión do Persoal Docente e Investigador. Índice 05.
6. Aprobación, se procede, da extinción do Mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible.
7. Aprobación, se procede, das alegacións de resposta á ACSUG respecto das memorias do Máster en Economía Circular.
8. Aprobación, se procede, do cambio de adscrición do centro do Máster en Economía Circular.
9. Rogos e preguntas.

Tamén foron convocados os membros da Comisión de Calidade para dúas reunións adicionais dentro do proceso de renovación da acreditación de dous dos títulos impartidos na facultade:

1. Reunión da Comisión de Acreditación do Grao en Economía, o 26/09/2023 (10:00 a 10:45, na sala 145 de Decanato)
2. Reunión da Comisión de Acreditación do Mestrado en Economía, o 27/05 (10:15 a 11, na sala 145 de Decanato)

Reunións de coordinación:

Por último, ademais de manter contacto de maneira frecuente por correo electrónico, realizáronse tres reunións presenciais entre a Vicedecana de Calidade e as coordinadoras dos dous graos impartidos na Facultade (GADE e GECO), co

obxectivo de organizar tarefas concretas de coordinación.

- Reunión do 19/12/2023 e 04/06/2024: O obxectivo destas reunións foi aportar detalles e aclaracións sobre as principais conclusións dos informes de coordinación e, en xeral, sobre o desenvolvemento do curso (reunión a finais de cada cuadrimestre).
- Reunión de 26/06/2024. Organización e instrucións para solicitar e revisar a elaboración/revisión de guías docentes por parte dos coordinadores de materia.

A continuación, recóllense os informes de coordinación de cada unha destas titulacións para o curso 2023-2024.

I. INFORME DE COORDINACIÓN DO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

I.1. INFORMACIÓN XERAL

Título	Dirección e Administración de Empresas
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Curso	2023-24

I.2. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN

COORDINACIÓN DO TÍTULO	M ^a de las Mercedes Vila Alonso
COORDINACIÓN DO CURSO (se procede)	1º Juan Carlos Surís Regueiro 2º Eva María Rodríguez Míguez 3º Fernando Comesaña Benavides 4º María Silvia Ruiz Blanco
EN MESTRADOS INTERUNIVERSITARIOS: Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	
DATA DE IMPLANTACIÓN	

I.3. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Reunións

As actuacións de coordinación foron realizadas segundo o procedemento aprobado pola Xunta de Facultade do 17 de decembro de 2020 relativo ás funcións para a coordinación.

Así, ao finalizar cada cuadrimestre, os/as coordinadores/as de cada curso da titulación fixeron chegar un cuestionario (Anexo I) aos/ás respectivos/as coordinadores/as de materia para a súa cumprimentación; é necesario sinalar, que neste curso académico o cuestionario foi actualizado e polo tanto difire do empregado en anos anteriores. Cos datos recabados a través destes cuestionarios elaboráronse os informes provisionais de cada curso. Estes informes foron sometidos a revisión e aprobación nas correspondentes reunións de coordinación celebradas a finais de marzo e de xuño entre os/as coordinadores/as de curso e os/as coordinadores/as de materia dos dous cuadrimestres. Nestas reunións tamén se analiza a evolución xeral do curso.

A continuación, a coordinación de titulación se reúne cos coordinadores de curso e elabora un informe cuadrimestral conxunto para o grado e un anual do curso académico e o presenta á Vicedecana de Calidade para a súa supervisión e análise así como a comunicación ao resto do equipo decanal e a integración no Sistema Interno de Garantía de calidade.

Outras reunións de coordinación

17/11/2023. Comisión calidade

19/12/2023. Comisión calidade

19/12/2024. Reunión coa vicedecana

5/03/2024. Comisión calidade

04/04/2024. Comisión calidade

03/05/2024. Comisión calidade

04/06/2024. Comisión de Calidade

6/06/2024. Comisión calidade

26/06/2024. Reunión coa vicedecana

Guías docentes/cronogramas/horarios

As **guías docentes** de cada materia da titulación para o curso 2024/25 foron elaboradas por parte do/a coordinador/a de cada materia consensuadamente co profesorado encargado da súa docencia, atendendo aos criterios establecidos.

Así mesmo, sinalar que este proceso de coordinación estendeuse máis aló do centro, considerando á Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense que imparte o grado en Administración e Dirección de Empresas. Deste xeito, as guías docentes das distintas materias son comúns en ambos centros, establecendo particularidades se as circunstancias o requiren.

Mediante o procedemento seguido, unha vez finalizado o período para a elaboración das guías por parte do profesorado, e tomando como referencia a memoria da titulación aprobada pola ACSUG, as guías docentes de todas as materias de todos os cursos da titulación foron revisadas, nun primeiro momento pola coordinadora de titulación e, posteriormente pola Vicedecana de Calidade do centro.

O obxectivo das revisións era garantir que os contidos básicos, a carga de créditos ECTS, a metodoloxía de ensino e aprendizaxe e o sistema de avaliación se axustasen á memoria e á normativa vixente.

Púxose especial atención (1) na publicación das guías en alomenos galego e español con idéntico contido, e en inglés cando a materia se imparta nese idioma ou sexa English Friendly, (2) na inclusión de información das datas oficiais dos exames; (3) no sistema de avaliación, que debe poder permitir ao alumnado ser avaliado en réxime de avaliación continua ou, alternativamente, cunha proba de avaliación global, tanto na convocatoria ordinaria como extraordinaria. No caso da convocatoria de fin de carreira, debe quedar recollido que o alumnado poderá ser

avaliado a través dunha proba global; (4) na diferenciación da bibliografía básica e complementaria e, (5) no emprego dunha linguaxe inclusiva na guía.

Seguidamente, as guías docentes foron aprobadas pola Xunta de Facultade.

En cada cuadrimestre se elaboran **os cronogramas** de probas e entregas de traballos por cada curso, de forma que se procura repartir a carga de traballo do estudantado o longo dos cuadrimestres.

Para aprobar **os horarios** para o curso 2024-25 os /as coordinadores/as de curso se reúnen cos/as coordinadores/as de materia para elaborar unha proposta de horarios que se axuste os criterios establecidos polo Decanato. As propostas son revisadas polo decanato e posteriormente aprobados en Xunta de Facultade.

Desenvolvemento da docencia

Neste apartado recóllese o detalle dos resultados obtidos nas enquisas realizadas ao profesorado coordinador das materias de ambos cuadrimestres, segundo a estrutura do cuestionario empregado. Este contén tres apartados: (1) a experiencia do profesorado respecto da actividade docente, (2) a asistencia do alumnado ás clases teóricas, prácticas e titorías, (3) os resultados das probas de avaliación comparados cos obtidos en cursos previos e (4) as destrezas de comunicación oral e escrita traballadas.

Na táboa 1 identifícanse cun código as materias do grao co fin de identificalas nas táboas posteriores.

TÁBOA 1: materias do grao en ADE

1º CURSO	2º CURSO
1C Matemáticas (MAT) 1C Hª Económica (HE) 1C Microeconomía (MIC) 1C Fundamentos de Admón (FAD) 2C Economía Española e Mundial (EEM) 2C Dereito Mercantil (DM) 2C Matemáticas das	1C Contabilidade Financieira (CONTA1) 1C Dirección de Operacións (DOP) 1C Dirección de Recursos Humanos (DRH) 1C Econometría (ECO) 2C Contabilidade Financieira 2 (CONTA2) 2C Decisións de Inversión (DINV) 2C Dirección Comercial 1 (DC1)

Operacións Financieiras (MOF) 2C Xestión de Empresas (XE) 2C Estadística (EST)	2C Macroeconomía (MAC) 2C Políticas Económicas (PEC)
3º CURSO	4º CURSO
1C Decisións de financiación (DFIN) 1C Dirección comercial II (DC) 1C Dirección estratéxica (DE) 1C Teoría da Organización (TORG) 1C Réxime fiscal da empresa (FIS) 2C Analise Contable (AC) 2C Contabilidade de Custos (CC) 2C Dirección estratéxica Internacional (DEI) 2C Valoración de Activos (VA)	1C Enxeñería financeira (EF) 1C Finanzas internacionais (FINI) 1C Mercadotecnia sectorial (MKS) 1C Auditoría (AU) 1C Investigación Comercial (IC) 1C Xestión do coñecemento e a innovación (XC) 1C Dereito do comercio internacional (DCI) 1C Planificación financeira (PLF) 2C Gestión Bancaria (XB) 2C Mercadotecnia Responsable (MKR) 2C Dirección de Recursos da Información (DRI) 2C Contabilidade Financieira Avanzada (CFA) 2C Dereito Penal da Empresa (DPE) 2C Creación e Simulación da Xestión Empresarial (CSXE)

Actividade Docente

A actividade docente foi valorada nunha escala de 5 puntos que vai desde 1 (moi mala) a 5 (moi boa). En detalle, neste apartado analízase o desenvolvemento das clases teóricas e das clases prácticas, a relación co alumnado nas clases e nas titorías, a adecuación de aulas para as clases teóricas e prácticas e a adecuación dos medios técnicos as clases de teoría e práctica.

Os resultados foron en xeral moi homoxéneos, todas as medias están ao redor de 4 puntos (a media global é de 4,18), o que significa que en xeral todas as materias teñen una boa percepción do desenvolvemento da docencia.

Táboa 2 Desenvolvemento da actividade docente

	Primeiro cuadrimestre	1º	2º	3º	4º	MEDIA
1	Desenvolvemento das clases teóricas	4,00	3,75	3,86	4,10	3,93
2	Desenvolvemento das clases prácticas	4,25	4,00	3,86	4,30	4,10
3	Relación co alumnado nas clases	4,25	4,00	4,57	4,40	4,30
4	Relación co alumnado nas titorías presenciais	4,33	3,75	4,71	4,40	4,30
5	Relación co alumnado nas titorías virtuais	5,00	4,00	4,00	4,40	4,35
6	Adecuación de aulas teóricas a alumnado	4,00	4,00	4,00	3,80	3,95
7	Adecuación de aulas prácticas a alumnado	4,00	4,00	3,71	4,20	3,97
8	Adecuación de medios técnicos da aula en teoría	4,25	4,00	4,00	4,00	4,06
9	Adecuación de medios técnicos da aula en prácticas	4,25	4,00	4,00	4,00	4,06
	MEDIA do 1ºC	4,26	3,94	4,08	4,18	4,11
	Segundo cuadrimestre	1º	2º	3º	4º	MEDIA
1	Desenvolvemento das clases teóricas	4,3	4	3,83	4,4	4,13
2	Desenvolvemento das clases prácticas	4,5	4	3,83	4,2	4,13
3	Relación co alumnado nas clases	4,3	4	4,5	4,4	4,30
4	Relación co alumnado nas titorías presenciais	4,4	4	4,83	4,4	4,40
5	Relación co alumnado nas titorías virtuais	4,7	4	4,83	4,4	4,48
6	Adecuación de aulas teóricas a alumnado	4,3		4,67	4,4	4,29
7	Adecuación de aulas prácticas a alumnado	4,2	3,8	4,67	4,2	4,21
8	Adecuación de medios técnicos da aula en teoría	4,3	3,8	4,83	3,8	4,18
9	Adecuación de medios técnicos da aula en prácticas	4,2	3,4	4,83	4,2	4,15
	MEDIA do 2ºC	4,35	3,86	4,53	4,26	4,25
	MEDIA POR CURSO E GLOBAL	4,30	3,9	4,30	4,22	4,18

Asistencia do Alumnado

A asistencia do estudantado ás clases analízase nunha escala cualitativa de 3 puntos (baixa, media e alta) mediante dous indicadores: (1) a asistencia do alumnado ás aulas físicas de teoría (2) a asistencia as clases prácticas.

Respecto ao primeiro indicador, os/as coordinadores/as das materias de ambos cuadrimestres coinciden en valorar que a asistencia do alumnado ás aulas de teoría é media/baixa mentres que nas aulas prácticas é media alta.

Polo que se refire as titorías, predominan as titorías presenciais e por E-Mail, pero tamén utilizan o campus remoto.

Táboa 3 Asistencia media as clases teóricas e prácticas

	Asistencia	1º	2º	3º	4º	
Aulas de Teoría	Baixa	MAT MIC MOF (sem10-14) EST (B C) DM	CONTA1 CONTA2 DINV MAC PEC	DFIN AC AC-i CC	FINI GB DRI	
	Media	FAD EEM MOF(sem 5-9) XE-i EST (A) DM	ECO DC1	FIS TORG DE DE-i DEI DEI-I	AU DCI XC XC-i EF IC MKS PLF CFA	
	Alta	HE XE MOF (SEM1-4)	DOP DRH	DC DC-i VA	MKR CSXE	
	¿Respecto a cursos anteriores?					
	Inferior	MIC MAT	CONTA1 DINV	AC AC-i	XC-i	
	Semellante	DM MOF XE-i EST EEM	DOP ECO CONTA2 DC1 MAC PEC	DFIN FIS DC DC-i DE DE-i CC DEI DEI-i VA	AU XC EF IC MKS PLF GB DRI CSXE	
	Superior	FAD HE	DRH	TORG	DCI FINI CFA	
Aulas de Práctica	Baixa	MAT MIC MOF (A4)	DINV	CC		
	Media	EEM MOF EST DM	CONTA1 CONTA2	FIS TORG DFIN	AU EF GB CFA	

	Alta	FAD HE DM XE XE-i	ECO DOP DRH DC1 PEC	DE DE-i DC DC-i AC AC-i DEI DEI-i VA	DCI FINI XC XC-i IC MKS PLF MKR DRI CSXE
	¿Respecto a cursos anteriores?				
	Inferior	MAT MIC EST		FIS	
	Semellante	FAD HE EEM DM MOF XE XE-i	CONTA1 ECO DOP DRH DINV MAC CONTA2 DC1 PEC	DE DE-i DC DC-i TORG DFIN AC AC-i CC DEI DEI-i VA	AU FINI XC XC-i EF IC MKS PLF GB DRI CSXE
	Superior				DCI CFA

Táboa 4 Modalidade de titorias empregadas

TIPO TUTORIAS	1º	2º	3º	4º
Presencial	MIC MAT HE EEM MOF XE XE-i EST	DOP DRH ECO CONTA2 DC1 MAC PEC	FIS DE DE-i DC DC-i TORG DFIN CC VA AC AC-i DEI DEI-i	AU FINI XC XC-i EF IC MKS CFA CSXE
E-mail	MIC FAD EEM MOF DM XE XE-i EST	CONTA1 DOP ECO CONTA2 DINV DC1 PEC	FIS DE DE-i DC DC-i TORG DFIN CC AC AC-i	AU DCI FINI IC MKS GB MKR DRI CFA CSXE
remoto	MIC MOF XE EST	ECO DOP	DC DC-i DFIN CC VA AC AC-i	AU EF MKR CFA CSXE

Resultados da Avaliación Continua

O sistema de avaliación continua é o mais seguido polo alumnado, pero podemos apreciar unha lixeira diferenza entre os cuadrimestres. No primeiro a porcentaxe é alta cunha media do 80%, case todas as materias superan o 75% e so catro están por debaixo (econometría 60%, fiscal 60%, enxeñería financeira 68% e auditoría 43%). A media baixa no segundo cuadrimestre a un 71,5% e podemos apreciar maior dispersión, destacan tres materias con porcentaxes baixos na AC: matemáticas das operacións financeiras (30%), Dirección de recursos da información (34%) e contabilidade de custos (21%).

A media de aprobados por AC e dun 67,8% (un 68,9% no 1º cuadrimestre e un 66,6% no segundo). Os resultados das probas de avaliación continua alcanzan moi bos resultados no 4º curso. Nos restantes depende moito da materia.

Táboa 5 Resultados da Avaliación continua

AVALIACIÓN CONTINUA	% AC	ANO ANTERIOR	% APROBADOS	ANO ANTERIOR
MIC	80-85%	Semellante	30%	Peores
MAT	77%	Semellante	42,36%	Peores
FAD	80%	superior	63%	mellores
HE	99%	Semellante	59%	mellores
EEM	62%	semellante	83,7%	mellores
DM	75.8%	Semellante	50%	Semellante
MOF	30%	superior	41%	Peores
XE	55%		53,61%	semellantes
XE ing	95%	semellante	100%	mellores
EST	96%	superior	23%	peores
CONTA1	90%	semellante	38%	mellores
DOP	99%	maior	64,77%	mellores
DRH	87%	maior	60%	peores
ECO	60%	semellante	40%	semellantes
CONTA2	90%	semellante	32%	mellores
DINV	72%	superior	86%	Semellantes
DC1	90%	semellante	82%	semellantes
MAC	70%	semellante	60%	Peores
PEC	80%	semellante	76%	semellantes
FIS	60%	Semellante	54%	semellantes
DE	79%	inferior	72,5%	mellores
DC	95%	semellante	89%	semellantes
TORG	82,2%	superior	76%	semellantes
DFIN	90%	semellante	75%	semellante
AC	40%	Semellante	10%	peores
CC	21%	Algo inferior	31%	peores
DEI	95%	Semellante	80%	mellores
VA	80	semellante	65%	semellante

AU	43%	semellante	67%	semellante
DCI	79%	superior	69%	semellante
FINI	75%	inferior	98,5%	semellante
XC	90%	semellante	90%	semellante
EF	68%	inferior	95%	mellores
IC	89%	superior	77%	semellante
MKS	76%	semellante	92%	semellante
PLF	90%	semellante	95%	semellante
GB	80%	semellante	60	semellante
MKR	85%	semellante	100	semellante
DRI	34%	inferior	100	semellante
CFA	90%	semellante	100	peores
DPE	--	--	--	--
CSXE	90%	superior	100	mellores

Resultados das Probas Finais

Os resultados neste apartado son moi diversos, dependendo das materias, a media de aprobados é dun 15,51%, moi inferior aos acadados na AC. Hai moitas materias con unha elevada porcentaxe de non presentados (táboa 5).

Táboa 6 resultados das probas finais

EXAME FINAL	% APROBADOS	% SUSPENSOS	% NP	ANO ANTERIOR
MIC	0% (A e B) 30% (C)	40% (A e B) 50% (C)	60% (A e B) 20% (C)	Semellantes
MAT	0%	19,7%	80,3%	Peores
FAD	5,1%	37,8%	57,1%	peores
HE	0%	0%	100%	Semellantes
EEM	5,9%	15%	75%	Semellantes
DM	5%	40%	55%	Semellantes
MOF	33%	19%	48%	mellores
XE	8,21%	55,97%	35,82%	
XE ing	0%	100%	0%	semellantes
EST	0%	52%	48%	
CONTA1	20%	50%	30%	Semellantes
DOP	0%	0	100%	peores
DRH	0%	24%	76%	peores
ECO	3,9%	34,6	61,5	peores
CONTA2	2%	48%	50%	semellante
DINV	28%	38%	34%	semellantes
DC1	0%	38%	62%	semellante
MAC	68%	32%	28%	semellante
PEC	6%	23%	71%	semellantes
FIS	10%	40%	50%	semellante
DE	0%	60%	40%	semellante
DC	21,4%	40%	0%	semellante
TORG	30,2%	30,2%	39,5%	mellores
DFIN	6,5%	35,5%	58%	semellantes
AC	15%	25%	60%	semellante
CC	7%	39%	54%	

DEI	30%	20%	60%	semellantes
VA	0%	12,5%	87,5%	peores
AU	0%	12,5%	87,5%	semellante
DCI	0%	14%	86%	semellante
FINI	66%	3%	31%	peores
XC	20%	60%	20%	semellante
EF	0%	0%	100%	semellante
IC	7,7%	7,7%	84,6%	mellores
MKS	0%	64%	36%	
PLF	5%	5%	90%	semellante
GB	22%	78%	0%	semellante
MKR	90%	5%	15%	
DRI	0%	0%	100	peores
CFA	100%	0%	0%	semellante
DPE				
CSXE	10%	0%	90%	mellores

Destrezas de comunicación oral e escrita

En xeral son poucas as materias que realizan actividades para desenvolver destrezas de comunicación oral ou escrita. É posible que o tamaño dos grupos dificulten a realización deste tipo de actividades. Na táboa 7 aparece un resumen das actividades.

TÁBOA 7 destrezas de comunicación oral e escrita

	Modalidade Individuals, colectiva, de ambos tipos	Tipo de actividade ensaio, debate....	Correccións /suxerencias		
			Individual	Colectiva	Non comentan
Escritas					
HE XC	individual	ensaio	X		
HE	individual	Construción Relato Analítico	X		
EEM	Individual	ensaio		X	
DM	Individual colectiva	Resolución de casos		X	
ECO	colectiva	exercicios		X	
DINV	individual	Exercicios			X
DC1	Individual colectiva		X		
DE	colectiva	Presentación resultados de cas presentados		X	
DC	colectiva	Resumen extenso de tema del programa		X	
DC	colectiva	Proxecto empresarial		X	
DEI	colectivas	Resolución de casos traballos		X	
VA	individual	Interpretación	X		

		resultado nas probas e avaliación			
DCI	Ambos tipos	Redacción traballo		X	
FINI	Ambos tipos	Traballos e probas competitivas			X
IC	Ambos tipos	exercicios	X	X	
MKS	Ambos tipos	Casos/traballos		X	
PLF	Ambos tipos	Exposicións escritas	X	X	
MKR	individual	foro	X	X	
DRI	individual	ensaio		X	
CSXE	Individual colectivas	Informes de simulación			X
Orais					
DM	Individual	Preguntas en clase		X	
ECO	Individual	Preguntas en clase		X	
DC1	Individual colectiva		X		
DE	colectiva	Debate, presentación mediante vídeo e escenificación en aula		X	
DC	Colectiva	Exposición tema		X	
DC	colectiva	Vídeo presentación proxecto		X	
TORG DFIN	colectiva	Debate en clase		X	
CC	individual	Preguntas sobre materia		X	
DEI DEI-i	Individual colectivas	Debates e presentación de traballos		X	
VA	individual	Interpretación exercicios nas prácticas		X	
AU	Ambos tipos	Resolución exercicios		X	
DCI	Ambos tipos	Exposición traballo		x	
XC	colectiva	Presentación e debate		X	
IC	Ambos tipos	Resolución exercicios	X	X	
MKS	Ambos tipos	exposicións	X		
PLF	individual	exposicións	X		
MR	colectiva	Debates, presentación de estudos de caso e planes de km	X	X	
CFA	individual	preguntas		X	

I.4. CONCLUSIONES

- En xeral, o nivel de satisfacción do profesorado co desenvolvemento da actividade docente teórica e práctica é elevado, así como na relación co alumnado e na adecuación dos medios materiais para a docencia (con algunha excepción relativa as aulas informáticas para a docencia práctica).
- Hai moitos comentarios referentes a adecuación das aulas as tarefas docentes, tamaño axeitado ó número de estudantes, incomodidade, pouca flexibilidade....

- Aínda que con diferenzas entre materias, por termo medio, a asistencia presencial do alumnado adoita ser superior na docencia práctica que na de teoría, comportamento semellante ao apreciado nos pasados cursos. Respecto á asistencia as aulas, non se percibe un impacto relevante do cambio de horarios, os coordinadores non perciben cambios significativos na asistencia ás clases. En todo caso varios docentes considera que a nova coordinación de horarios facilitou a xestión de grupos prácticos e reduciu a peticións de cambio de grupo.
- Destacou o problema que tiveron os estudantes para acceder ó campus debido ás folgas de autobuses durante o curso, que afectaron ó bo desenvolvemento das clases.
- A utilización das titorías por parte do alumnado é relativamente reducida, preferindo canalizar as súas consultas ao profesorado a través do correo electrónico ou de forma presencial.
- Parte do profesorado sinala as carencias significativas do alumnado que accede ao Grado (matemáticas, capacidade de comprensión lectora, presentación e redacción das probas, realización de gráficas, etc.), así como a escasa motivación e participación do mesmo no proceso formativo.
- A participación do alumnado no proceso de avaliación continua estímase elevado (unha media do 76% dos matriculados). O nivel de éxito do alumnado na superación das materias sitúase no 67,8%, aínda que con variabilidade entre materias.
- Pola contra, na avaliación global os resultados acadados son moi pobres, pois so o 15,72% dos estudantes que seguen este procedemento de avaliación logran aprobar. Tamén se pode destacar a elevada porcentaxe do alumnado que non se presenta ás probas.
- Dadas as características do título, a maior parte do alumnado debería seguir a súa formación de forma presencial, participar no proceso de avaliación continua e obter uns resultados cando menos próximos á taxa de rendemento establecida como obxectivo polo Centro. A través de este informe pódense detectar materias con indicadores pouco favorables nestes aspectos: percepción de baixa asistencia do alumnado, minoritaria participación na avaliación continua e con resultados moi por baixo da taxa de rendemento

obxectivo, e con tendencias decrecentes.

- Preocupación pola utilización da intelixencia artificial para a realización de traballos por parte dun elevado número de estudantes. Isto se pode saber (polo tipo de redacción, linguaxe empregada, erros, a hora de expoñelos,...), pero é difícil de demostrar.
- Dada a configuración dos grupos do alumnado e as súas características, resulta moi complicado desenvolver probas e actividades avaliativas ligadas coas destrezas de comunicación oral e escrita, son poucas as materias que as realizan. Isto pode ser un problema de cara os niveis de competencias dos egresados, Algúns estudantes teñen problemas para xustificar as súas respostas cun razoamento coherente. Tamén teñen problemas de comprensión e de expresión escrita.

SUXERENCIAS E RECOMENDACIÓNS

- É necesario motivar ao alumnado no esforzo persoal e na participación nas actividades docentes. Deberíamos reflexionar sobre os mecanismos que se poderían adoptar para mellorar a asistencia a clase dos alumnos. Os profesores expoñen como un problema o absentismo no alumnado, especialmente nas clases teóricas. Ningún sinala un efecto positivo do cambio de horario nesta problemática.
- Para as materias do título nas que se observen indicadores baixos relativos á asistencia, escasa participación na avaliación continua e con resultados que distan dos obxectivos marcados polo Centro, debería articularse un procedemento que facilite o análise da situación, a obtención dun diagnóstico axustado e facilite a procura de iniciativas viables de mellora que posibiliten a solución dos problemas detectados..
- Sería convinte manter reunións co alumnado, ou seus representantes, para que nos trasladen as súas opinións e poder detectar con tempo as carencias que observan na docencia e os motivos polos que non asisten as clases.

- Na xornada de benvida ao alumnado dos primeiros cursos sería convinte incorporar máis información: sobre o funcionamento da Secretaría Virtual, a plataforma MooVi, o funcionamento da biblioteca, consulta das guías das materias, normas básicas sobre avaliación do alumnado, etc.
- Mellorar a asignación dos espazos para a docencia práctica, para que sexan os adecuados en función do tipo de actividade a desenvolver. A identificación dos espazos e as súas características (posibilidade de mover as mesas, existencias de ordenador, etc.) debe estar clara para os docentes, de xeito que se poda solicitar un ou outro tipo de espazo. Normalmente, se pregunta se queremos a docencia de práctica na aula de teoría ou na aula de informática. Pero existen outros espazos que só se usan en caso de necesidade pero que poden ser moi valiosos para algunhas materias. Concretamente, solicítase a asignación do seminario da área de despachos, andar 1, para a docencia de auditoría.
- Os grupos A e B estaban moi descompensados en canto o número de estudantes. Se suxire tratar de corrixir esta desproporción.
- Limitar o acceso de ERASMUS cando o curso está avanzado para evitar problemas coa avaliación continua.
- Para os próximos horarios, tratar de evitar solapamentos que implican a necesidade de asignar varios profesores para a docencia práctica da mesma materia. Para facilitar esta solución existe dispoñibilidade do profesorado para utilizar unha segunda tarde á semana
- Na docencia en inglés deberíase tentar de respectar o horario habitual todas as semanas e non modificalo por circunstancias alleas á materia. Moitas veces cámbianse os horarios habituais de clase para adaptar festivos ou incorporar outras materias. Isto provoca que o alumnado estranxeiro teña dificultades para compatibilizar horarios con outras materias e a consecuencia é unha

baixa asistencia ás clases.

- Se solicita dispoñer de algún dispositivo para identificar a presenza de teléfonos móbiles. Os exames son moi numerosos e é difícil vixiar adecuadamente, polo que se debería artellar mecanismos para evitar fraudes.
- Valorar si se pode engadir nas guías docentes a posibilidade de repetir o exame se hai sospeitas de que un estudante copiou.
- Sería necesario unha maior implicación e coordinación das materias en mellorar as competencias transversais (comunicación oral e escrita) do alumnado. Compre reflexionar si sería interesante que o alumnado puidesen recibir algún tipo de suxerencias ou correccións individualizadas por parte dos docentes, tendo en conta que as habilidades en competencia oral y/o escrita aparece de forma xeneralizada na maioría das guías docentes. Isto permitiría mellorar, por exemplo, o futuro desempeño na redacción e presentación do traballo fin de grao, e, sobre todo, o desenrolo destas destrezas de cara a súa incorporación ao mundo laboral. Tamén debería facerse unha reflexión, a nivel da Facultade, sobre as técnicas mais axeitadas para o desenrolo destas competencias en cursos onde o número de alumnos e moi elevado
- Hai que mellorar o mantemento dos medios técnicos e dos equipos informáticos das aulas de docencia.
- Realizar reunións do profesorado a metade do cuadrimestre para ter un maior seguimento do curso.
- O profesorado solicita que dende o Decanato se traslade a *Unidade de atención a estudantes con necesidades especiais* a necesidade de que cambie o protocolo de actuación, para garantir que os docentes dispoñan antes de comezar o cuadrimestre da información sobre os alumnos nestas situacións.

Solicitan que a información sexa mais detallada e personalizada posible, para que se poida adaptar dende o principio a metodoloxía docente máis axeitada a cada caso. Tamén fan recomendacións relacionadas coa orientación que este alumnado debe recibir do gabinete psicopedagóxico, facendo fincapé no seu comportamento, nas súas obrigas e do límite dos seus dereitos.

- A avaliación docente e o único mecanismo para coñecer a valoración que fan os estudantes das diferentes materias. Con todo,, estas enquisas son contestadas por moi poucos estudantes, o que as fai pouco representativas e posiblemente sesgadas. Os recordatorios para que sexan cubertas semellan non ter éxito. Consideramos que, dende o decanato, debería enviarse un correo ó profesorado para que facilite a realización destas enquisas en horario de clases.
- Os responsables das materias impartidas no primeiro curso de GADE suxiren trasladar a quen corresponda a necesidade de pensar unha nova forma de estimar a dedicación docente do profesorado. Dadas as características medias do alumnado (con evidentes carencias formativas en moitos aspectos), a súa situación inicial (comezan seu periplo universitario) e a cantidade do mesmo (número elevado de alumnado por grupo), a dedicación que esixe por parte do profesorado é moi superior á correspondente a outros cursos do grado (cun alumnado xa afeito á dinámica universitaria). En consecuencia, entendemos que, no cálculo da dedicación docente, debería ponderarse considerando o curso do que se trate (incluso o cuadrimestre) e o número de alumnos aos que se atende. Primando a dedicación docente do primeiro curso e tamén ponderando a dedicación horaria á docencia en función do número de alumnos matriculados baixo a nosa responsabilidade.

II. INFORME DE COORDINACIÓN DO GRAO EN ECONOMÍA

II.1. INFORMACIÓN XERAL

Título	Grao en Economía
Centro/s onde se imparte	Facultade de CC. Económicas e Empresariais
Curso	2023-24

II. 2. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN

COORDINACIÓN DO TÍTULO	Begoña Álvarez García alvarez@uvigo.gal
COORDINACIÓN DO CURSO (se procede)	1º curso: Celia Rodríguez Campos mcrdiguez@uvigo.gal 2º curso: Carmen Vázquez Pampín cvazquez@uvigo.gal 3º curso: Begoña Álvarez García alvarez@uvigo.gal 4º curso José Francisco Teixeira teixeira@uvigo.gal
DATA DE IMPLANTACIÓN	2009-10

II.3. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

A coordinación do curso académico 2023/24 foi secuenciada dacordo ao procedemento aprobado pola Xunta de Facultade do 17 de decembro de 2020 relativo ás funcións para a coordinación. A continuación, se describen las actuacións llevadas a cabo.

Reunións

Ao longo do curso desenvolvéronse dous tipos de reunións de coordinación na titulación:

a) Reunións entre coordinadores/as de curso e profesorado responsable de materias.

Os/as coordinadores/as de curso encárganse de canalizar a comunicación entre alumnado, profesorado e Dirección do Centro. Con ese fin, ao finalizar cada cuadrimestre, remiten un cuestionario aos/as docentes que coordinan cada materia, co obxectivo de valorar o desenvolvemento da docencia no cuadrimestre (ver Anexo). A información ponse en común en reunións entre coordinadores de curso e profesorado responsable.

No curso 2023/24, o cuestionario que cobre o profesorado modificouse para solicitar información máis detallada sobre as actividades realizadas en cada materia para adquirir competencias transversais de expresión oral e escrita. Celebráronse dous reunións por curso (en marzo e xullo, respectivamente) entre coordinadores de curso e profesorado responsable de materias co fin de valorar os resultados do cada cuadrimestre. A orde do día de cada unha das reunións foi:

1. Presentación da versión preliminar do informe realizado a partir das enquisas ao profesorado.
2. Valoración do curso.
3. Suxestións e outros comentarios.

As conclusións principais dos informes por curso, así como as actas das reunións

realizadas nos dous cuadrimestres, aparecen recollidas no Anexo deste informe.

b) Reunións entre a coordinadora de Grao e coordinadores de curso

Unha vez elaborados os informes cuadrimestrais por curso, convócase unha reunión entre a Coordinadora de grao e os/as coordinadores/as de curso. Nestas reunións, póñense en común as experiencias dos diversos cursos e trasládanse as suxestións presentadas. Este curso, mantivéronse dúas reunións deste tipo celebradas o 3 de abril de 2023 (primeiro cuadrimestre) e o 16 de xullo (segundo cuadrimestre). En cada unha delas, expuxéronse e comentaron as valoracións realizadas polo profesorado.

c) Outras reunións de coordinación

Ao longo do curso, mantivéronse tres reunións entre a Vicedecana de Calidade e as coordinadoras dos graos impartidos na Facultade, cos seguintes obxectivos :

- 19 de decembro 2023 e 4 de xuño 2024: Valoración global do desenvolvemento do curso
- 26 de xuño 2024: Revisión das instrucións para a realización de guías docentes

Nos últimos anos, sobre todo dende a pandemia, o profesorado ven observando no alumnado que se incorpora á Universidade deficiencias na formación básica referida as Matemáticas. A preocupación por esta tendencia foi reflectida nos informes de Grao de cursos anteriores. Ou 14 de novembro do 2023, a Coordinadora do Grao convocou a un grupo de docentes das materias Matemáticas, Microeconomía, Macroeconomía, Estatística e Econometría a unha reunión para abordar este problema. Na reunión, a profesora Carmen Vázquez, responsable de Matemáticas I e Matemáticas II, expuxo os cambios que desde hai dous anos está a incorporar nas súas materias para mellorar os coñecementos cuantitativos dous estudantes dous primeiros cursos. As modificacións inclúen:

- Exercicios complementarios con cuestións relativas a conceptos básicos relacionados, conceptos que antes daban por dominados polo alumnado.
- Exercicios máis enfocados ás aplicacións á economía co obxectivo de que o/a estudante albisque a relación das esixencias en Matemáticas coa necesidade de destrezas que terá noutras materias. Intentase tamén usar a mesma notación que usan as materias cuantitativas que o alumnado cursará neste grao.
- Reforzo en cálculos alxébricos (intercálanse exercicios máis sinxelos dende o punto de vista das operacións con outros máis complexos).
- Axuste dos contidos de Matemáticas ás necesidades posteriores dos/as estudantes no resto de materias.

Aínda que os resultados no alumnado este curso non son todo o satisfactorios que deberían, se aprecia unha notable melloría. Este progreso percíbese nas destrezas do alumno medio e, sobre todo, na súa actitude, xa que se decatan da importancia das matemáticas para certas materias propias da titulación.

Guías docentes/cronogramas/horarios

No mes de xuño de 2024, púxose en marcha o proceso de elaboración de horarios do curso 2024/25. O Decanato, en colaboración cos/as responsables da coordinación de curso, organizou reunións co profesorado das materias co fin de acordar a organización de clases teóricas e prácticas. En datas posteriores, acordáronse os cronogramas de probas que se poñen ao dispor do estudiantado a través dos espazos comúns de Moovi.

As actividades de coordinación do curso finalizaron no mes de xullo coa revisión por parte da Coordinadora de titulación das guías docentes das materias impartidas no Grao no seguinte curso 2024/25. Realizáronse as observacións e correccións oportunas antes de ser dadas de alto na plataforma Docnet. Este proceso trata de garantir que as guías docentes de cada materia axústanse á memoria da titulación

aprobada pola ACSUG e ao Regulamento sobre a Avaliación, a Cualificación e a Calidade na Docencia e do Proceso de Aprendizaxe do Estudantado, aprobado en Claustro do 18/05/2023.

Desenvolvemento da docencia

